



**O CONCELLO DE NIGRÁN FIRMA A CONCESIÓN DA CAFETERÍA DAS
INSTALACIÓNS DUNAS DE GAIFAR AO PROPIETARIO DO MARINA CÍES
DE SAMIL**

**A empresa adxudicataria prevé abrir ao público en Semana Santa baixo o
nome Marina Panxón seguindo a mesma filosofía do local de Samil**

**O novo canon de explotación, fixado nuns 25.000 euros, supón un 30%
máis de ingresos ás arcas públicas respecto ao anterior contrato**

Nigrán, 25/02/16.- O Concello de Nigrán vén de firmar a concesión por catro anos da cafetería das instalacións do complexo deportivo municipal Dunas de Gaifar ao empresario Odilo Rodríguez Otero, propietario do Marina Cíes Beach Club de Samil, o restaurante Siete Torres e o pub The Irish Harp de Rosalía de Castro, en Vigo. Despois de sacar a concurso a concesión o pasado mes de xaneiro cun novo prego de condicións, este novo canon de explotación, fixado en 25.101 euros anuais, suporá un incremento dun 30% nos ingresos ás arcas públicas respecto ao anterior contrato, establecido en 7.500 euros.

O novo local pasará a denominarse Marina Panxón co obxectivo de seguir mesma filosofía que o Marina Cíes, e prevé abrir as súas portas ao público en Semana Santa. "A intención da empresa e do Concello con este espazo renovado é proporcionar un servizo de calidade ás veciñas e veciños, ofrecendo unha imaxe coidada e moderna de Panxón e mellorando a calidade da oferta turística do municipio", comenta o alcalde de Nigrán, Juan González.

O rexedor destaca, ademais, que a adxudicataria é unha empresa contrastada, cunha dilatada experiencia neste tipo de negocios, como dá conta o recoñecemento do que gozan os seus distintos establecementos na cidade de Vigo. "Estamos moi satisfeitos coa firma desta concesión porque mellora



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

ampliamente a proposta económica da anterior, o que reverterá nun maior volume de ingresos para o municipio", declara González.